

Como afecta a temperatura ao movemento dun glaciar?

Os glaciares son acumulacións de xeo que se xeran como consecuencia da acumulación e compactidade de neve en zonas nas que a se acumula máis neve da que se derrete. En Galicia os glaciares desapareceron tras o último período glacial, pero ás súas consecuencias seguen sendo visibles, por exemplo, nos Ancares.



1. Analizamos os recursos dos que dispoñemos e o problema.

Na imaxe da esquerda podedes ver as fendas que provoca no glaciar o movemento do xeo. Si, o glaciar móvese e ese movemento depende de varios factores. Imos analizar un deles. Como viaxar ata un glaciar é moi caro, imos empregar un simulador coma este ([enlace](#)).

2. Buscamos información.

Nos últimos anos está reducíndose o xeo atrapado nos glaciares. Esta diminución pode deberse a varios factores entre os que destacan un aumento de temperatura media e unha redución da cantidade de neve acumulada.

3. Propoñemos unha hipótese de traballo.

Agora xa podemos propor unha hipótese de traballo, unha posible resposta á pregunta inicial. A que se debe a redución do xeo glacial?

4. Realizamos un deseño de investigación.

Na nosa hipótese só temos en conta a posibilidade de cambiar a temperatura ou as precipitacións. Se fixamos a primeira a segunda deberemos mantela sempre no mesmo valor. Podemos evitar interferencias deixando o valor que aparece por defecto (0'9 m de promedio) pero tamén é posible marcar outro valor. Tamén será interesante traballar co sistema métrico xa que estamos moito máis acostumados a el. (Pincha sobre o sistema métrico e lembra que cada vez que reinicies terás que facelo de novo xa que por defecto emprega as unidades inglesas)

É moi importante ser ordenado á hora de recoller os resultados da simulación.

5. Resultados da nosa investigación.

Analizaremos os datos para confirmar, ou non, a nosa hipótese de traballo.

6. Redactamos un artigo co traballo realizado. (Tes máis información no apartado do método experimental)
7. Expoñemos en clase o traballo de investigación.

Este deseño do proxecto de investigación non é máis que unha proposta.

Na túa man está modificalo para facelo o teu proxecto.